

## QUE ESTUDAR NA UNIVERSIDADE?

Xa sabes que o Sistema Universitario Galego (SUG) conta con tres universidades:

**A Coruña**, con dous Campus, Ferrol e A Coruña

**Santiago de Compostela**, tamén con dous Campus, o de Lugo e Santiago

**Vigo**, con tres Campus, Pontevedra, Ourense e Vigo.

O SUG incorporará o vindeiro curso tres novos títulos de grao e os seus tres primeiros graos abertos. En total, ofertaranse 11.483 prazas en titulacións de grao.

Imos resaltar hoxe só [as novidades que para o vindeiro curso](#) 2020-21 podemos atopar nas universidades galegas, en canto a novas titulacións e tamén a unha novidade absoluta que son os graos abertos.

### Novas titulacións:

Na Universidade da Coruña:

- **Grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía**, que se impartirá na Facultade de Ciencias-Campus A Coruña

Na Universidade de Santiago de Compostela:

- **Grao en Empresa e Tecnoloxía**
- **Grao en Bioquímica**

Impartiranse os dous no Campus de Lugo

Na Universidade de Vigo:

Catro novos programas de simultaneidade:

- **Simultaneidade dos Graos de ADE e Enxeñaría Informática** (Campus de Ourense)
- **Simultaneidade dos Graos de Enxeñaría Biomédica e Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática** (Campus de Vigo)
- **Simultaneidade dos Graos de Enxeñaría Biomédica e Enxeñaría Mecánica** (Campus de Vigo)
- **Simultaneidade dos Graos de Enxeñaría Mecánica e Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática** (Campus de Vigo).

### Que son os Graos Abertos?

O obxectivo desta iniciativa novidosa é ampliar as posibilidades de elección do alumnado ao tempo que se pretende reducir as taxas de abandono ou de cambio de estudos nos primeiros anos de vida universitaria. Ás veces temos dúbidas entre dous graos que se asemellan algo e non sabemos por cal decantarnos, pois para facer a escolla máis fácil aparecen os **graos abertos**. Trátase de realizar un primeiro curso común para unha determinada rama de coñecemento e logo xa en 2º curso escoller a titulación desa rama que che interese e garantindo o recoñecemento de créditos correspondentes a 1º.

Que graos abertos temos para o vindeiro curso 2020/2021 no SUG? temos tres:

- **Grao Aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas**, que se impartirá na Facultade de Economía e Empresa-Campus A Coruña
- **Grao Aberto en Enxeñaría Industrial**, que se impartirá na EU Politécnica-Campus Ferrol
- **[Grao Aberto 5USC Enxeñarías](#)** que se impartirá no Campus de Lugo

Para saber máis do Sistema Universitario Galego:

**[UNIVERSIDADE DA CORUÑA](#)**: oferta 41 Grados, 7 Programas de Simultaneidade e 2 Graos Abertos. Outra novidade para o curso 2020/2021 é que o Grao en Turismo non terá custos adicionais, pasando a ser o importe da matrícula o establecido de xeito xeral para as titulacións da súa rama de coñecemento, e impartirase nas instalacións da Facultade de Filoloxía-Campus A Coruña. Podes ver toda a oferta académica de Graos na seguinte ligazón: [https://www.udc.es/gl/futuros\\_estudiantes/index.html](https://www.udc.es/gl/futuros_estudiantes/index.html). E podes completar a información e visionar vídeos das novas titulacións na seguinte ligazón: [https://www.udc.es/gl/futuros\\_estudiantes/graos/nova-oferta/](https://www.udc.es/gl/futuros_estudiantes/graos/nova-oferta/)

**[UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA](#)**: o Campus de Santiago oferta 35 graos e 9 dobres graos. As escolas e facultades do Campus de Lugo ofertan 17 titulacións: 15 graos e 2 dobres graos.

Podes atopar información de interese na seguinte ligazón: <https://www.usc.gal/gl/estudiantes>

**[UNIVERSIDADE DE VIGO](#)**: ofertan, nos tres campus, 122 graos e másteres oficiais, 39 programas de doutoramento, catro titulacións de programación conxunta e catro dobres titulacións con universidades estranxeiras. Podes ver toda a oferta académica de Graos na seguinte ligazón: <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/estudos-grao>

### **Bolsas e axudas ao estudo:**

Aínda non saíron as convocatorias para as distintas axudas que podes solicitar para estudar na universidade, de todos os xeitos podes ver nesta páxina da Xunta as diferentes axudas que existen: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/27732>